XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Intervención do presidente da Xunta de Galicia

# COMISIÓN XERAL DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS NO SENADO

***Madrid, 19 de outubro de 2023***

Moitas grazas,

Señora Presidenta,
Miembros de la Mesa de esta Comisión,
Senadores, senadoras
Compañeros, presidentes y presidentas de las comunidades autónomas que hoy están aquí representadas
Señores y señoras

Vou facer aquí unha intervención moi práctica. Non veño aquí a impedir nada. Non veño a falar en nome de ningún máis que dos galegos e das galegas aos que teño que representar.

Polo tanto, quero dicir que é unha honra poder participar en representación de Galicia nesta Comisión Xeral das Comunidades Autónomas; en convocatorias como esta, onde todos podemos falar e onde todos deberíamos escoitar o que todos temos que dicir, o que axuda a que se visualice mellor ese principio que está na Constitución -que ao final entendo que é o límite para todos nós, que debería selo- e que consagra ao Senado como cámara de representación territorial.

Onde se debe falar, polo tanto, e en moita ocasións, desa liña que divide a política nacional da autonómica e que semella infranqueable; e que fai que se perciba como dúas esferas distintas, diferentes, con distintos ritmos que xiran sobre eixos tamén diferentes. Iso pódese superar falando e dialogando e, polo tanto, confío en que hoxe sexamos capaces de facelo e que nos deamos conta de que a política nacional debe impregnar os intereses da política autonómica, e tamén que as comunidades autónomas non debemos perder de vista que formamos parte esencial -principal, diría eu- da estrutura do Estado.

Non somos unha especie de *lobbies* territoriais, nin tampouco simples administradoras dos servizos públicos, aínda que sexan os servizos públicos máis importantes, os que máis afectan á xente, os que xestionamos as comunidades autónomas.

O papel que temos vai moito máis alá do que nos deu a Constitución: o de intentar ser capaces de formular, desde os nosos territorios e con sensibilidades moi distintas (todos os nosos territorios temos sensibilidades moi diferentes)... A habilidade, a obriga dun político, é ser capaz de aunalos, ser capaces de facer que o país avance entre todos.

Desde as autonomías, por tanto, pódese e débese facer política nacional, e eu veño facela aquí.

O Goberno de España tenas sobre a mesa, para cando decida utilizalas e para cando acabe este período eterno en funcións,  propostas ben vertebradas sobre asuntos estratéxicos para o noso país, que están redactadas entre todas as comunidades autónomas, con diferentes signos e ideoloxía. Cando somos capaces de falar, e cando pensamos que o noso é importante, pero que o dos demais tamén. Polo tanto, todo debería propoñerse conxuntamente, e non chegar, propoñer só o dunha comunidade autónoma, deixalo aquí, e pensar que os demais só podemos escoitar e non temos dereito a ser escoitados.

Unha auténtica axenda de Estado deseñada desde a proximidade que supón coñecer e tentar resolver, cada día, os problemas dos cidadáns.

E o primeiro desa Axenda que fomos capaces de facer entre moitas comunidades  dinos que España non pode permitirse dar pasos atrás na defensa da convivencia entre todos. Non podemos caer, como país, no erro de desaprender o que xa tiñamos aprendido e de tropezar de novo en barreiras que, polo menos desde Galicia, consideramos superadas hai moito tempo.

Polo tanto, non pode pasar por progreso algo que é unha involución. E non podemos deixar de chamar liñas vermellas ao que consideramos que son liñas vermellas.

Escoitei con atención a intervención do *president* Aragonés. Ten todo o dereito a expoñer as súas ideas. Tamén debería escoitar as dos demais, do mesmo modo que o fixen eu e o van facer o resto dos meus compañeiros.

Agradezo a súa claridade, e moito máis a súa presenza fronte a sonoras ausencias. Algúns falan moito noutros lugares, pero no momento de falar aquí desaproveitan a oportunidade de ser coherentes e valentes nos lugares onde é necesario facelo. E creo que este é o lugar para facelo.

Eu, señorías, non estou hoxe aquí para falar en contra de ninguén, nin para impedir nada, e moito menos en contra de ningunha comunidade autónoma, por suposto.

Entendo que non fun convocado para iso e os galegos non me permitirían vir aquí con ese fin. Veño aquí, como os demais presidentes, a representar ás persoas que viven no seu territorio: ás nadas alí, ás que decidiron vivir alí, e ás que, dunha forma ou outra, están directamente relacionadas e preocupadas con todo o que está ocorrendo.

Os galegos e os galegas non queremos estar por riba de ninguén nin ser máis que ninguén. Pero por iso mesmo tampouco imos admitir que ninguén pretenda iso, estar

por riba dos demais. E, sobre todo, non imos permitir que ninguén por intereses persoais do seu goberno permita que algúns poidan aspirar a iso.

Ningún presidente, ningún representante público, temos dereito a gobernar contra ninguén, nin contra a lei da Constitución, nin contra os nosos territorios, nin contra os demais territorios.  É unha equivocación pensar que o que facemos nos nosos territorios non afecta ao resto de territorios don noso país común que é España e do que todos formamos parte.

É un erro, polo tanto, non querer escoitar o que din os demais. É un erro tentar acalar a voz dos que pensan distinto. Mesmo me gustaría que estivese aquí o presidente de Cataluña para que escoitara as inquedanzas dos que viven no seu territorio, moitos deles tamén de orixe galego. Tamén me gustaría escoitalos a eles, aos cataláns en Galicia, que nunca serán estranxeiros. Téñoo moi claro.

E como representante ordinario do Estado en Galicia, o que pase no resto de España a min me afecta e é da miña incumbencia.

Porque ademais, señorías, o día no que sexamos insensibles ao que ocorre a uns centos de quilómetros da nosa casa, só por iso, porque non está pegado a onde estamos, porque non é o noso asunto, ese día a solidariedade entre territorios que nos dá a razón de ser, que nos mantén unidos como país, desaparecerá e será case imposible, por non dicir imposible, recuperala.

Polo tanto, señorías, faremos todo o posible desde Galicia para que iso non sexa así. E para iso estou aquí hoxe, falando en nome de todos os galegos que me votaron e os que non, dos que pensan coma min e dos que non.

Señorías, en Galicia llevamos años construyendo un modelo basado en la estabilidad política y centrado en el bienestar de las gallegas y gallegos.

Trabajamos para ofrecer esa estabilidad, y la valoramos. Es el mejor marco para que cada uno pueda desarrollarse. Los políticos estamos para eliminar obstáculos, no para ponerlos.

Procuramos mantener la unidad de Galicia y la unidad de Galicia dentro de España. Piense como piense cada uno, hable lo que hable, decida lo que decida, opine lo que opine. Yo creo que es mucho más lo que nos une que lo que nos separa: en Galicia y con respecto al resto de España.

Y eso nos obliga a gobernar con responsabilidad, teniendo en cuenta que detrás de nosotros van a venir otras generaciones, que no tienen por qué pagar las consecuencias de nuestros errores.

Y con esos principios nos queremos relacionar con el Gobierno de España y con las demás comunidades -las que son del Partido Popular y las que no lo son-. Relacionarnos desde la lealtad, eso sí, no desde la sumisión. No hemos forzado jamás desde Galicia las costuras del Estado, y por supuesto no vamos a forzarlas, pero también precisamente por eso nunca vamos a dejar de reclamar lo que creemos que en justicia nos corresponde. Todos tenemos derecho a reclamar. Todo tenemos derecho a pensar que el resto también puede hacerlo.

Precisamente por eso, Galicia, que es una de las tres comunidades, nacionalidades históricas, está permaneciendo muy atenta a esa redefinición territorial del modelo de España. Interesada, siempre es interesada, cuando se hace unilateralmente, cuando se hace con mucha urgencia y siempre pretendiendo que la ganancia de unos sea a costa de otros.

Liquidar la España autonómica no es un precio aceptable en Galicia que haya que pagar para sumar una mayoría parlamentaria. La igualdad entre los españoles, por lo tanto también la igualdad de todos los gallegos, costó décadas consolidarla, señorías, No puede entra ahora en subasta a cambio de cálculos que además son a corto, a muy corto plazo.

Además, que nadie se confunda: aquí está en juego mucho más que el futuro personal y político de nadie. Está mucho más en juego que la obsesión de alguien por mantenerse en el poder.

Aquí lo que está en juego es el futuro de España y el futuro de España también es el futuro de Galicia y del resto de las comunidades autónoma.

Y sobre una mesa de negociación de la que no se nos está contando nada. Interesadamente no se nos está contando nada, no sabemos lo que está pasando. Lo que sí sabemos es que nos afecta y nos afecta muy directamente.

Y de eso también hay que hablar aquí, de lo que nos pasa a todos, no sólo de lo que le pasa a uno.

Nos incumbe tan directamente tras años de gestión razonable por parte de la Xunta, gestión con *sentidiño* como decimos en gallego. Ahora se pretende que los gallegos y el resto de comunidades autónomas asuman, vía mutualización -no otra cosa es condonar deudas- lo que se debe en otros lugares donde consideraron que se podía gastar sin ningún problema porque ya se pagaría otra vez entre todos.

Y nos afecta también muy directamente que el Gobierno Central, que lleva años evitando sentarnos a todas las comunidades Autónomas, en una conferencia sectorial, para hablar de financiación, de la financiación de todos con los recursos de todos, donde todos deberíamos ceder para que todos saliéramos beneficiados; ese mismo Gobierno, que no ha sido capaz de darnos a estas alturas -ayer Galicia aprobó su presupuesto sin

saber el techo de gasto, sin saber las entregas a cuenta, sin saber el objetivo de défici; ese mismo gobierno está ahora dispuesto a abonar -o eso se nos dice, insisto, casi clandestinamente, casi nos tenemos que enterar preguntándolo 1.000 veces-, se nos dice que está en negociación abonar, y esto hay que decirlo así, cantidades astronómicas de supuestas deudas históricas y condonación de deudas que todos tendremos que pagar.

Yo también quiero hablar de eso aquí. He venido a hablar aquí al Senado, a la Cámara de representación territorial, de algo que le afecta a Galicia muy directamente.

Hemos escuchado en las últimas semanas al presidente del Gobierno en funciones asociar esa negociación -que se está produciendo evidentemente- con la generosidad. Pues yo tengo que decirle al presidente del Gobierno como presidente de Galicia que la única generosidad de la que uno puede hablar de forma unilateral es la que se practica con lo propio, y no con lo ajeno. Sobre todo cuando lo ajeno es lo de todos los demás, y todos los demás tenemos derecho a eso.

Y tengo que decir, y voy acabando señora presidenta, que estas desigualdades no se producen, por supuesto, sólo en el ámbito económico, pero se producen también en el ámbito económico.  Se extienden al trato político y al trato jurídico. No todos estamos siendo tratados de forma igual.

Me parece escandaloso, y quiero decirlo aquí, la manga ancha, esa voluntad decidida de retorcer la Constitución para justificar lo que haga falta. Ciertas cosas que todos sabemos que no caben en la Constitución se están haciendo enormes esfuerzos, lo que haga falta, para decir que sí y, al mismo tiempo, estamos viendo en Galicia la férrea, la implacable ortodoxia con la que se analiza con lupa lo que sale del Parlamento autonómico, lo que aprobamos en el Parlamento en el ámbito de nuestras competencias.

Sin ir más lejos, la Ley de ordenación del litoral acaba de ser recurrida ante el Tribunal Constitucional por el Gobierno de España: sin previo aviso, basado en informes que casi diez días después no se nos han facilitado, sin ningún intento de negociación, con calificaciones de algún alto cargo del Gobierno central de que eso era "una declaración de independencia". Con la que está cayendo, dicen eso de Galicia.

Tanta mansedumbre en algunas cosas, y tanta mano dura con otros. Yo vengo a denunciar hoy aquí eso también, señorías.

Y por lo tanto vamos a seguir defendiendo desde Galicia un autonomismo responsable, una España en la que quepamos todas las comunidades autónomas, que tenga en cuenta que por encima de intereses particulares van a estar siempre los generales, los de todos, también los de Cataluña, y los de Galicia, y los de Andalucía, los de todas las comunidades autónomas que formamos parte de este país.

Y después del regate corto hay que tener en cuenta que siempre viene el largo plazo. Siempre, eso es inevitable. Y hacer buena política es saber planificarlo y preverlo. Y la aritmética parlamentaria nunca puede ser más importante que el sentido de Estado.

Es Galicia una tierra abierta y universal. No se acaban nuestras inquietudes, ni siquiera nuestras fronteras porque los gallegos viven en muchísimos sitios, al cruzar el Eo, el Padornelo o al cruzar a Portugal. Eso, al final, es una visión cortoplacista, por lo tanto, el egoísmo nunca va a ser la fuerza motriz con la que Galicia entiende su posición en España y en el resto del mundo.

A mí me gustaría que el futuro modelo territorial, el que tenemos que darnos entre todos, el que venimos a discutir aquí, no nos obligue a escoger. No nos obligue a escoger entre Galicia y España: no queremos esa elección. No nos obligue a escoger entre quién tiene que ganar, si Cataluña, si Madrid, si Andalucía, si Baleares, si Navarra…para que otros pierdan. Deberíamos hablar para que todos intentásemos ganar. Aquí se trata de avanzar en armonía, de darnos unas bases políticas, legales y financieras que blinden la igualdad, que todos aceptemos y en la que todos creamos. Pero para eso hace falta multilateralidad: la bilateralidad es precisamente lo que impide llegar a ese fin.

Por lo tanto, termino ya, me gustaría aprovechar esta comparecencia para pedir que la de hoy no sea la última. Creo que aquí es donde hay que hablar. Creo que aquí es donde hay que decir las cosas. Nos puede gustar más o menos lo que escuchemos. Podemos estar más o menos de acuerdo con lo que se nos diga. Eso sí, todos deberíamos escucharnos. No soluciona nada hablar, que está muy bien, pero no querer saber lo que tienen que hablar los demás.

Estoy convencido, señorías, de que la política autonómica tiene que ser un elemento de unión, el elemento de unión fundamental, en este país que compartimos. Todos los discursos que alimenten la división; todos los discursos que piensen que lo importante es lo que pasa en un territorio y todo lo demás no tiene ninguna importancia; todos esos discursos, al final, lo que provocan es resentimiento, lo que provocan es falta de comunicación y lo que no llevan es a ninguna solución.

Esos discursos no pueden ser los nuestros. No va a ser el discurso de Galicia en ningún caso. Para que esos discursos sean siempre parte del pasado, para que no vuelvan una y otra vez cíclicamente, necesitamos que nada, señorías, absolutamente nada —ni siquiera, y eso especialmente, los cálculos políticos a corto plazo, egoístas y personalistas— les concedan la razón que, sinceramente, creo que nunca tuvieron.

Muchas gracias.